






Prenda
do meu
querer,





Son o Pico da Aguia,
o cumio máis alto de Cabanas,
e quero darche a benvida
a esta miña terra,
a esta túa terra.




**Como son moi alto, moi alto,
e moi vello, moi vello,
o meu colo de rocha e centeo
arrolou xa a moitas crianzas
coma ti.**



**Loiras como o sol da sega,
morenas como o carbón
da fraga, moles como a bola
de ovo, duras como a lousa.**




**Todas miñas,
e de todas eu seu.**



Hai tempo albiscaba
desde aquí enriba
e non vía máis ca cabezas rebu-
lir polos prados da miña falda.

Agora non é así.
E é por iso que a túa chegada
me enche de fonda ledicia.




Teño algúns presentes para ti...




**Regáloche lá das miñas
ovellas, preparada polas
fiandeiras de Cabanas Rural,
e un fuso artesanal
do Acibreiro.**

**Para que estrebilles e se
cadra algún día consigas
fiar como o fixeron xa antes
aquí tantas persoas.**





Para quen se encargue
da túa crianza
[sobre todo para a túa nai]
un Peto do tempo, para que
non se esquezan de coidarse
mentres te coidan.




**Un Manual das emocións
para a vosa familia toda,
para que te saiban acompañar
nos días solleiros
e nos chuviosos.**

E para durmir e brincar,
na casa e no prado,
unhas cantareas
fermosas que lle teño
escoitado a avoas, pais,
madríñas, irmáns:






**Agardo que goces e medres
con estes agasallos.
Só unha cousa máis:**



O meu compadre o río,
a miña comadre a fraga,
e todos os nosos pequenos
veciños e veciñas —o cuco
e a píntega, o careixón e a uva
romana, o martuxo e a troita—
pedímosche que nos coides.

Porque nós
imos coidar
sempre,
sempre,
sempre,
de ti.



**Coloca aquí a túa primeira
foto en Cabanas.**



Cabanas
CONCELLO